



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

## **PROCEDEMENTO PARA A ELECCIÓN DE MEMBROS DO**

### **CLAUSTRO UNIVERSITARIO DA UNIVERSIDADE DE VIGO**

(Aprobado pola Comisión Electoral en data 17-02-2012 e modificado o día 08/02/2018)

#### **CAPÍTULO I**

##### **DISPOSICIÓN XERAL**

###### **Artigo 1**

A elección de membros do Claustro Universitario da Universidade de Vigo rexerase pola Lei orgánica de universidades, os Estatutos desta universidade, polo Regulamento de réxime interno do Claustro Universitario e polas normas contidas no presente procedemento.

#### **CAPÍTULO II**

##### **DA ORGANIZACIÓN DAS ELECCIÓNS**

###### **SECCIÓN 1ª - REPRESENTACIÓN E CIRCUNSCRICIÓN ELECATORAIS**

###### **Artigo 2**

O Claustro da Universidade de Vigo estará composto por douscentos cincuenta e catro (254) membros:

- O reitor ou reitora, que o presidirá, o secretario ou secretaria xeral e a persoa encargada da Xerencia
- 128 representantes do profesorado doutor con vinculación permanente á universidade (51%)
- 23 representantes do restante persoal docente e investigador (9%)
- 75 representantes de estudantes (30%)
- 25 representantes do persoal de administración e servizos (10%)

###### **Artigo 3**

Cada membro do Claustro será elixido ou elixida por catro anos, excepto os e as estudantes, que o serán por dous anos.

###### **Artigo 4**

A convocatoria de eleccións faina o reitor ou reitora, despois da súa aprobación polo Consello de Goberno.

###### **Artigo 5**

Correspóndelle á Comisión Electoral, á que fai referencia o artigo 29 do Regulamento de réxime interno do Claustro Universitario, a resolución das reclamacións aos censos e a aprobación do procedemento Electoral da elección de membros do Claustro Universitario.

**Artigo 6**

A Comisión Electoral é o órgano competente para coñecer e resolver todos os problemas e dúbidas que se poidan presentar nestas eleccións.

**Artigo 7**

1. A Comisión Electoral estará composta por:

- a) Reitor ou reitora ou vicerreitor ou vicerreitora, en que delegue, que a presidirá.
- b) O secretario ou secretaria xeral da Universidade, a efectos de fedatario/a con voz e sen voto, que será o seu secretario ou secretaria.
- c) Doce membros elixidos polo Claustro, dos/as que tres serán do persoal docente doutor con vinculación permanente á universidade, tres do restante persoal docente e investigador, tres do alumnado e tres membros do persoal de administración e servizos.

2. Cada membro da Comisión Electoral será elixido ou elixida por quen sexa claustral do respectivo sector por un período de catro anos, agás os e as estudantes, que o serán por dous.

**Artigo 8**

Haberá en cada centro unha Xunta Electoral que se responsabilizará de todas aquelas competencias que lle atribúa este regulamento. A Xunta Electoral do Centro está composta por:

- a) O decano ou decana ou persoa que exerza a dirección do centro, que a preside.
- b) O secretario ou secretaria do centro, que actúa como secretario ou secretaria da mesma.
- c) Unha persoa pertencente ao persoal docente e investigador, outra ao persoal de administración e servizos e outra ao sector de estudantes, designadas por sorteo público, así como as súas suplentes.

**Artigo 9**

1. Cada centro da Universidade de Vigo constituirá unha circunscrición electoral para os sectores de profesorado doutor con vinculación permanente á universidade e alumnado. A Comisión Electoral distribuirá cada membro que se deba elixir entre os diferentes centros de forma proporcional ao número de membros do sector correspondente, garantindo un mínimo por centro.

2. O Claustro Universitario, con antelación á convocatoria de eleccións, decidirá verbo dos agrupamentos de centros co fin de constituír as circunscricións electorais para o sector do restante persoal docente e investigador, de xeito que se garanta unha adecuada correspondencia entre o número de membros do sector nas circunscricións e o número de representantes no Claustro.

3. No caso do persoal de administración e servizos constituirase unha circunscrición electoral única, con independencia do lugar no que teña o seu destino.

4. Exceptúanse da elección de representantes ao Claustro Universitario os centros adscritos á Universidade.

**Artigo 10**

1. As persoas representantes da cada sector distribuiranse proporcionalmente ao número de membros do citado sector en cada circunscrición.

2. O número de representantes por sector que corresponde a cada circunscrición determinarase pola Comisión Electoral a partir do censo definitivo, facéndose público xunto

con este último.

3. O censo electoral de cada sector e circunscrición estará exposto no taboleiro electoral do centro respectivo.

4. As reclamacións formularanse perante a Comisión Electoral, mediante escrito razoado dirixido á presidencia e entregado no rexistro xeral, nos rexistros auxiliares ou por vía telemática. A Secretaría Xeral comunicará o procedemento no momento de publicar os censos provisionais.

5. As resolucións da Comisión Electoral sobre as reclamacións ao censo serán notificadas directamente ás persoas interesadas, e en contra delas non caberá a súa revisión.

6. Os censos electorais definitivos faranse públicos, inmediatamente despois do remate do período de reclamacións, cando menos, con dez días hábiles antes da data das eleccións.

### **Artigo 11**

1. A emisión de voto será directa e secreta.

2. O dereito de sufraxio é persoal e intransferible.

3. Non se permitirá en ningún caso nin a delegación de voto, nin o voto anticipado, nin o voto por correo.

### **Artigo 12**

Cada elector ou electora só poderá dar o seu voto como máximo a un número de candidatos ou candidatas equivalente ao setenta por cen ou porcentaxe máis próxima ao número que corresponda a cada sector ou circunscrición electoral, de acordo coa táboa 1, na cal A é o número de representantes para elixir por cada sector e circunscrición electoral, e B o número máximo de candidatos e candidatas aos que poderá dar o seu voto cada votante.

Táboa 1

<b>A</b>	<b>B</b>	<b>A</b>	<b>B</b>
<b>1</b>	<b>1</b>	<b>11</b>	<b>8</b>
<b>2</b>	<b>1</b>	<b>12</b>	<b>8</b>
<b>3</b>	<b>2</b>	<b>13</b>	<b>9</b>
<b>4</b>	<b>3</b>	<b>14</b>	<b>10</b>
<b>5</b>	<b>4</b>	<b>15</b>	<b>11</b>
<b>6</b>	<b>4</b>	<b>16</b>	<b>11</b>
<b>7</b>	<b>5</b>	<b>17</b>	<b>12</b>

<b>8</b>	<b>6</b>	<b>18</b>	<b>13</b>
<b>9</b>	<b>6</b>	<b>19</b>	<b>13</b>
<b>10</b>	<b>7</b>	<b>20</b>	<b>14</b>
		<b>25</b>	<b>18</b>

Táboa 1

2. Para os efectos de promover a paridade entre xéneros no Claustro Universitario, cada elector ou electora poderá votar como máximo ao 60% das candidaturas de un dos xéneros, determinado sobre o número de candidatos e candidatas máximo previsto no apartado anterior, de acordo coa táboa 2, na cal A é o número de representantes para elixir por cada sector e circunscrición electoral, B o número máximo de candidaturas aos que poderá dar o seu voto cada votante e C o número máximo que se pode votar para un dos xéneros..

Taboa 2

<b>A</b>	<b>B</b>	<b>C</b>	<b>A</b>	<b>B</b>	<b>C</b>
<b>1</b>	<b>1</b>	<b>1</b>	<b>11</b>	<b>8</b>	<b>4</b>
<b>2</b>	<b>1</b>	<b>1</b>	<b>12</b>	<b>8</b>	<b>4</b>
<b>3</b>	<b>2</b>	<b>1</b>	<b>13</b>	<b>9</b>	<b>5</b>
<b>4</b>	<b>3</b>	<b>2</b>	<b>14</b>	<b>10</b>	<b>6</b>
<b>5</b>	<b>4</b>	<b>2</b>	<b>15</b>	<b>11</b>	<b>6</b>
<b>6</b>	<b>4</b>	<b>2</b>	<b>16</b>	<b>11</b>	<b>6</b>
<b>7</b>	<b>5</b>	<b>3</b>	<b>17</b>	<b>12</b>	<b>7</b>
<b>8</b>	<b>6</b>	<b>3</b>	<b>18</b>	<b>13</b>	<b>7</b>
<b>9</b>	<b>6</b>	<b>3</b>	<b>19</b>	<b>13</b>	<b>7</b>
<b>10</b>	<b>7</b>	<b>4</b>	<b>20</b>	<b>14</b>	<b>8</b>

			25	18	10
--	--	--	----	----	----

3. De conformidade cos apartados 1 e 2 deste artigo, en cada papeleta determinarase o número máximo de candidatos e candidatas que se pode votar por cada elector ou electora así como o número máximo por cada xénero.

### **Artigo 13**

1. Serán proclamados electos aqueles candidatos e candidatas que obteñan maior número de votos, ata completar o número de representantes asignados a cada sector e circunscrición electoral.

2. No caso de que dous ou máis candidatos ou candidatas obteñan o mesmo número de votos darase preferencia para a proclamación á persoa de maior antiguidade, no sector correspondente, na Universidade de Vigo, computándose para estes efectos os anos de servizo na Universidade de Santiago de Compostela antes da segregación, prestados nalgún dos campus da Universidade de Vigo. No caso de igualdade será proclamada a persoa de maior idade.

3. Os candidatos e candidatas restantes quedarán coma suplentes para cubrir futuras baixas das candidaturas electas. A Comisión Electoral será a depositaria desta relación.

4. A renovación de claustrais que causen baixa polas causas sinaladas no artigo 7.3 do Regulamento de réxime interno do Claustro farase de forma automática. As baixas serán cubertas polas seguintes candidaturas máis votadas da circunscrición e sector polo que foi elixido/a o/a claustral que causou baixa tendo en conta o establecido no apartado anterior e segundo o procedemento establecido no artigo 8 do Regulamento de réxime interno do Claustro.

5. Se o reitor ou reitora, o secretario ou secretaria xeral, ou a persoa encargada da Xerencia fosen claustrais electos, o seu posto no Claustro sería ocupado pola seguinte candidatura máis votada da circunscrición e sector polo que foron elixidos, tendo en conta o establecido nos apartados anteriores.

## **SECCIÓN 2ª - ELECTORES/AS E ELIXIBLES**

### **Artigo 14**

1. Son electores e electoras todas as persoas que figuran no censo electoral de cada circunscrición, segundo os Estatutos, os regulamentos correspondentes emanados do Claustro e/ou criterios aprobados en Consello de Goberno.

2. Ningunha persoa poderá ter a condición de elector ou electora en dous ou máis sectores de representación distintos, nin dentro dun sector en dúas ou máis circunscricións electorais. As persoas que estean na situación anterior deberán, durante o período de reclamacións ao censo electoral, presentar escrito optando polo sector e circunscrición no que desexen participar na votación. En caso de non ter optado, a Comisión Electoral fará a adscrición prevalecendo o sector de persoal de administración e servizos sobre os restantes, e o sector de profesorado doutor con vinculación permanente á universidade ou o sector do resto de persoal docente e investigador sobre o sector de estudantes.

3. No caso de simultaneidade de estudos, as e os estudantes deberán, durante o período de reclamacións ao censo electoral, presentar escrito optando por un dos centros onde realice os

seus estudos. No caso de non facelo, a Comisión Electoral fará a adscrición, tendo en conta o número de créditos nos que se matriculase, ao centro onde se imparta a titulación da que estea matriculado/a con maior número de créditos.

4. O persoal docente e investigador sen tarefas docentes asignadas no POD exercerá os seus dereitos no centro onde impartiu a súa docencia no último curso que tivo asignadas tarefas docentes.

### **Artigo 15**

Son elixibles, en cada sector e circunscrición electoral, as electoras e electores respectivos que reúnan os seguintes requisitos:

- a) presentar a súa candidatura, conforme ao disposto neste procedemento, e
- b) ser proclamado candidato ou candidata pola Comisión Electoral mediante resolución definitiva.

## **CAPÍTULO III**

### **DO PROCEDEMENTO ELECTORAL**

#### **SECCIÓN 1ª - CONVOCATORIA DE ELECCIÓNS**

### **Artigo 16**

1. A convocatoria de eleccións faina o reitor ou reitora. A Comisión Electoral, á que se fai referencia no artigo 7 deste procedemento, aprobará o procedemento electoral.

2. Toda a documentación electoral remitida pola Comisión Electoral aos centros deberá enviarse, na medida en que sexa posible, en formato electrónico.

### **Artigo 17**

1. A convocatoria de eleccións conterá:

- a) data de exposición do censo electoral
- b) prazo de reclamacións ao censo, que non poderá ser inferior a cinco hábiles a partir da data da súa publicación
- c) data de exposición do censo definitivo
- d) prazo de presentación de candidaturas
- e) data de proclamación provisional de candidatos e candidatas
- f) prazo de presentación de reclamacións á proclamación provisional de candidaturas
- g) data de proclamación definitiva dos candidatos e candidatas
- h) prazo de celebración de campaña electoral
- i) data de votación.
- k) data de proclamación provisional de membros electos
- l) prazo de presentación de reclamacións á proclamación provisional de membros electos
- m) data de proclamación definitiva de membros electos.

2. A convocatoria farase pública no taboleiro de anuncios de todos os centros e dependencias universitarias.

## SECCIÓN 2ª - PRESENTACIÓN E PROCLAMACIÓN DE CANDIDATOS E CANDIDATAS

### Artigo 18

1. As candidaturas para as eleccións ao Claustro presentaranse mediante modelo normalizado elaborado pola Comisión Electoral, no rexistro xeral, nos rexistros auxiliares ou no rexistros dos centros, en días hábiles de 9 a 14 horas.
2. As candidaturas presentadas non poderán ser obxecto de modificación unha vez rematado o prazo de presentación das mesmas, agás por renuncia do candidato ou candidata.
3. A candidatura, asinada polo candidato ou candidata, conterá os seguintes datos:
  - a) nome, apelidos e DNI, do cal se acompañará fotocopia
  - b) sector e circunscrición electoral polos que se presenta
  - c) centro
  - d) titulación e ciclo, se procede
  - e) nº de teléfono e dirección de correo electrónico
4. No caso de que a candidatura sexa presentada por outra persoa, esta terá que identificarse e presentar tamén fotocopia do DNI.

### Artigo 19

1. As candidaturas serán individuais a efectos de votación e escrutinio.
2. Os candidatos ou candidatas poderanse agrupar co obxecto de realizar a campaña electoral. Neste caso, achegarase coa solicitude de cada un/unha deles/as a denominación, sigla ou símbolo que identifique o seu agrupamento.
3. No caso de coincidencia na denominación, sigla ou símbolo por parte de dous ou máis agrupacións distintas, darase preferencia á que teña antes a súa entrada no rexistro.

### Artigo 20

1. A Comisión Electoral, transcorrido o prazo de presentación de candidaturas, efectuará a proclamación provisional de candidatos e candidatas, que se fará pública no taboleiro de anuncios dos centros e dependencias universitarias e na páxina web da Universidade.
2. Transcorrido o prazo de reclamacións establecido no calendario electoral, a Comisión Electoral fará pública a proclamación definitiva de candidaturas. As reclamacións formularanse perante a Comisión Electoral, mediante escrito razoado dirixido á presidencia e entregado no rexistro xeral, nos rexistros auxiliares ou por vía telemática. A Secretaría Xeral comunicará o procedemento no momento de publicar os censos provisionais.
3. Se o número de candidatos e candidatas nalgún sector e circunscrición non supera o número de postos que hai que cubrir, a Comisión Electoral declarará concluído o proceso electoral nese sector e circunscrición.

### Artigo 21

As candidatas e candidatos, unha vez proclamados, poderán propor, ata oito días naturais antes da data de votación, o nomeamento dun interventor ou interventora, por cada mesa electoral e sector, que ten que ter a condición de elector ou electora na mesma. As propostas irán dirixidas á presidencia da Comisión Electoral. A Comisión Electoral estenderá, se procede, a credencial correspondente, que será presentada á presidencia da mesa electoral.

### SECCIÓN 3ª - CAMPAÑA ELECTORAL

#### Artigo 22

1. A campaña electoral comprenderá aquelas actividades desenvolvidas polas candidatas e candidatos proclamados, para a captación de sufraxios nos centros e dependencias da Universidade, incluídos naqueles que non sexan da circunscrición na que poden ser elixidos.
2. Os decanos e decanos e as persoas que exerzan as direccións das citadas dependencias darán as facilidades pertinentes, sen que iso supoña suspensión das actividades ordinarias.

### SECCIÓN 4ª - MESAS ELECTORAIS

#### Artigo 23

A Comisión Electoral determinará, á vista do número de electores e electoras, o número e a colocación de mesas electorais. En todo caso, haberá unha mesa electoral na Reitoría, na que votarán alomenos os electores e electoras do sector de persoal de administración e servizos que desempeñen as súas funcións nese edificio.

#### Artigo 24

1. Cada mesa electoral estará composta por un/unha membro de cada un dos catro sectores electorais que figuran no artigo 2, que se designarán por sorteo público realizado pola Xunta Electoral do centro de entre as persoas que figuran no respectivo censo electoral. O membro do PAS será sorteado entre todo o persoal de administración e servizos ao que lle corresponda votar na mesa dese centro. O seu presidente ou presidenta será do sector de profesorado doutor con vinculación permanente á universidade. Cada membro da mesa terá unha persoa como suplente, que se designará do mesmo xeito que a titular. A mesa electoral elixirá, no momento da súa constitución, a quen deba actuar como secretario ou secretaria, reflectíndose esta circunstancia na acta de constitución.
2. A mesa electoral da Reitoría estará integrada por tres membros do sector de persoal de administración e servizos aos/ás que lle corresponda votar nesta mesa, que se designarán por sorteo pola Comisión Electoral. Cada membro da mesa terá unha persoa como suplente. Exercerá a presidencia a persoa máis antiga da mesa. A mesa electoral elixirá, no momento da súa constitución, a quen deba actuar como secretario ou secretaria, reflectíndose esta circunstancia na acta de constitución.
3. Queda excluído/a de formar parte de calquera mesa electoral quen sexa membro da Comisión Electoral e da Xunta Electoral do centro.

#### Artigo 25

1. A Xunta Electoral do centro nomeará a todos os e as membros das mesas electorais, a quen lles notificará individualmente a súa designación e o comunicará á Comisión Electoral aos efectos de tramitar, no seu caso, as dietas correspondentes. A composición de cada unha das mesas electorais farase pública en cada circunscrición electoral.
- 2 Os decanos e decanos e as persoas que exerzan a dirección dos centros farán pública a composición da mesa electoral nos seus respectivos centros.
3. A Comisión Electoral expedirá a credencial aos interventores e interventoras. Non pode nomearse como tales a quen sexa membro dunha mesa electoral.
4. A condición de membro dunha mesa electoral é obrigatoria para quen reciba o nomeamento. As causas xustificadas que impidan o seu exercizo serán estudadas pola Xunta



Electoral do centro.

5. A condición de candidata ou candidato proclamado é incompatible coa de membro dunha mesa electoral.

6. A condición de membro da Xunta Electoral do centro é compatible coa de candidato ou candidata.

7. A mesma mesa electoral actuará nas eleccións a representantes do Claustro e do Reitor ou Reitora.

### **Artigo 26**

1. O día da votación presentaranse no lugar de votación ás nove horas todas as persoas que compoñan a mesa electoral, sexan titulares ou suplentes, e quedará validamente constituída coa maioría delas.

No caso de que non fora posible a constitución da mesa electoral, o decano ou decana e a persoa que exerza a dirección do centro arbitrará as medidas oportunas para cubrir as vacantes.

Durante a xornada de votación, a mesa poderá actuar con dous membros, sempre que un/unha deles/as exerza a presidencia ou secretaría.

2. As mesas electorais estarán abertas de dez a dezanove horas.

### **Artigo 27**

1. Á hora sinalada no artigo anterior, a presidencia da mesa electoral estenderá a acta de constitución. Esta deberá ser asinada por quen sexa membro da mesa e, sempre que o soliciten, os interventores ou interventoras.

2. Na acta indícase o nome de todos/as os/as membros, facendo constar en quen recae a función de secretario ou secretaria, e respecto dos interventores ou interventoras, a súa relación nominal con indicación da candidatura pola que teñan tal condición.

## **SECCIÓN 5ª - A VOTACIÓN**

### **Artigo 28**

1. O dereito a votar acredítase pola inscrición nos exemplares certificados das listas do censo.

2. O elector ou electora identificarase ante a mesa electoral co DNI, pasaporte, carné de conducir ou documento identificativo normalizado da Universidade de Vigo.

3. A mesa comprobará a súa inclusión no censo electoral e deseguido admitirá o seu voto na urna.

4. Quen sexa membro da mesa votará en último lugar.

### **Artigo 29**

1. As papeletas de votación serán impresas. A Secretaría Xeral facilitará aos decanos e decanas e ás persoas que exerzan a dirección dos centros as papeletas de votación e os sobres correspondentes, así como as actas de escrutinio, agás no caso da Reitoría que serán facilitadas á presidencia da mesa electoral. Os decanos e decanas e as persoas que exerzan a dirección dos centros entregarán dita documentación á presidencia das mesas electorais.

2. Haberá unha papeleta por cada sector e circunscrición. Os nomes das candidatas e candidatos proclamados figurarán na papeleta por orde alfabética cíclica, previo sorteo por

parte da Comisión Electoral da letra pola que debe comezar a relación.

3. En cada papeleta haberá dous listados, un de candidatos e outro de candidatas.

4. O nome de cada candidato ou candidata irá precedido dun recadro onde cada elector ou electora sinalará cunha cruz as candidaturas ás que lle outorgue o seu voto, cos límites que se sinalan no artigo 12 desta normativa.

5. Ao lado do nome do candidato ou candidata figurará a marca de identificación do agrupamento, se así o solicitase ao formalizar a súa inscrición.

### **Artigo 30**

Os interventores e interventoras poderán facer as alegacións que coiden convenientes e que recollerá a secretaría da mesa coa sinatura de ambas as dúas partes.

## **SECCIÓN 6ª - O ESCRUTINIO**

### **Artigo 31**

1. Rematada a votación, a presidencia da mesa declarará iniciado o acto de escrutinio, que será público.

2. O conxunto de membros da mesa confrontará cos interventores e interventoras o resultado, do que se levantará a correspondente acta por duplicado, detallando os votos válidos, en branco e nulos. Especificarase o número de votantes, o número de papeletas nulas e o número de papeletas válidas, distinguindo dentro destas os votos en branco e os votos obtidos por cada candidato e candidata

3. Serán consideradas nulas aquelas papeletas nas que figuren sinaladas máis candidaturas das que corresponda a ese sector, circunscrición e xénero, de acordo co establecido no artigo 12.

4. Para cada sector electoral constarán por separado as abstencións e alegacións, se as houber, dos interventores ou interventoras. Deseguido destruíranse as papeletas, agás aquelas sobre as que existiran alegacións, que se unirán á acta.

5. A acta será asinada por cada membro da mesa e mais os interventores ou interventoras. Un exemplar será publicado no taboleiro electoral do centro.

### **Artigo 32**

Rematado o escrutinio, os presidentes e presidentas das mesas remitirán á presidencia da Comisión Electoral as actas do escrutinio. Previamente comunicarán os resultados inmediatamente por fax ou escaneados por correo electrónico despois de realizar o escrutinio.

### **Artigo 33**

1. Unha vez recibidas as actas das distintas mesas electorais, a Comisión Electoral procederá a realizar o escrutinio xeral e proclamar provisionalmente as candidatas e candidatos electos conforme ao establecido no artigo 13.

2. Unha vez proclamados de xeito provisional as candidatas e candidatos electos, abrírase un prazo de polo menos dous días hábiles para a presentación de reclamacións. As reclamacións formularanse perante a Comisión Electoral, mediante escrito razoado dirixido á presidencia e entregado no rexistro xeral, nos rexistros auxiliares ou por vía telemática. A Secretaría Xeral comunicará o procedemento no momento de publicar os censos provisionais.

3. Comisión Electoral, resolverá as reclamacións, proclamando definitivamente as e os claustrais electos.

**Artigo 34**

A Comisión Electoral, a través do seu presidente ou presidenta, elevará á presidencia da Mesa do Claustro o resultado definitivo das eleccións.